



DATOS IDENTIFICATIVOS

Procesos de investigación e creación

Materia	Procesos de investigación e creación			
Código	P01G010V01701			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Escultura Pintura			
Coordinador/a	Moraza Pérez, Juan Luís			
Profesorado	de Laiglesia González de Peredo, Juan Fernando Matesanz Pérez, María Consuelo Moraza Pérez, Juan Luís			
Correo-e	jlmoraza@telefonica.net			
Web	http://escultura.uvigo.es/web			
Descrición xeral	Dotación de recursos perceptivos, emocionais e conceptuais para o exercicio de tarefas creativas e investigadoras.			

Competencias de titulación

Código	
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A13	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese. Analizar, interpretar e sintetizar as fontes
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A21	Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.
A22	Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo
A23	Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitilas
A24	Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas artísticos complexos e proxectos
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A26	Capacidade de curiosidade e de sorpresa máis para alén da percepción práctica. Desenvolver a percepción mental para alén do retiniano
A27	Capacidade de traballar de maneira autónoma. Desenvolver a capacidade de suscitar, desenvolver e concluír o traballo artístico persoal
A29	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación
A30	Capacidade de perseveranza. Desenvolver a constancia necesaria para resolver as dificultades inherentes á creación artística
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento

A34	Capacidade de colaboración con outras profesións e especialmente cos profesionais doutros campos. Identificar os profesionais adecuados para desenvolver adecuadamente o traballo artístico
A35	Capacidade para activar un contexto cultural e/ou modificar un contexto público ou privado. Saber entender o contexto cultural para xerar iniciativas e dinamizar o entorno
A36	Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística
A37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística
A38	Capacidade heurística e de especulación para a realización de novos proxectos e estratexias de acción artísticas. Desenvolver a comprensión e especulación dos problemas artísticos na súa totalidade
A39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
A41	Capacidade para realizar proxectos de investigación artísticos.
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
A44	Habilidade para realizar, organizar e administrar proxectos artísticos innovadores
A46	Habilidade para realizar proxectos artísticos con repercusión social e nos medios. Utilizar os recursos de difusión dos proxectos artísticos co fin de potenciar a súa repercusión social
A47	Habilidade para realizar e integrar proxectos artísticos en contextos máis amplos. Desenvolver estratexias de proxección da creación artística para alén do seu campo de actuación
A48	Habilidade para unha presentación adecuada dos proxectos artísticos. Saber comunicar os proxectos artísticos en contextos diversificados
A49	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios para o desenvolvemento do traballo artístico
B1	Capacidade de xestión da información.
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
B3	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B4	Capacidade de aprendizaxe autónoma.
B5	Capacidade de traballar autonomamente.
B6	Capacidade de traballar en equipo.
B7	Capacidade de integración en grupos multidisciplinares. Capacidade de colaboración con profesionais doutros campos
B8	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación.
B9	Capacidade de perseverancia.
B10	Capacidade heurística e de especulación para a resolución de problemas, a realización e novos proxectos e estratexias de acción.
B11	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios
B12	Capacidade de adaptación a novas situacións.
B14	Sensibilidade en temas ambientais.
B15	Sensibilidade a respecto do patrimonio cultural.
B16	Compromiso ético profesional.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento dos procesos de creación e produción artística.	A6 A9	B3
Capacidade para aplicar os coñecementos técnicos e de procedemento ao desenvolvemento dunha práctica artística.	A22 A25 A31 A32 A37 A38 A42 A43 A44	B10 B12
Coñecemento de modos de investigación en Belas Artes.	A6 A9 A12 A13 A14	B3 B16

Capacidade para a organización dun sistema creativo innovador.	A20 A22 A25 A26 A31 A37 A38 A41	B10 B12
Capacidade para a presentación e exposición de proxectos artísticos.	A21 A22 A23 A24 A31 A41	B1 B2 B15
Capacidade para a elaboración de textos relacionados co traballo realizado.	A22 A23 A24 A25 A36	B1 B2 B3
Capacidade para buscar, analizar e incorporar recursos desde outros ámbitos.	A21 A22 A33 A34 A35 A37 A38	B1 B6 B7 B10
Capacidade para elaborar un anteproxecto.	A22 A25 A26 A36	B4 B5 B7 B10
Capacidade para contextualizar o traballo realizado.	A24 A26 A30 A31 A33 A35 A36 A37	B1 B2
Capacidade para documentar o traballo realizado.	A31 A36 A39	B1 B2
Capacidade para a análise e a avaliación de proxectos.	A19 A21 A22 A25 A26 A31 A38	B1 B2 B8 B16
Capacidade para a autoavaliación.	A25 A26 A27 A29 A30	B4 B5 B6 B8 B9
Habilidade para captar estímulos susceptibles de ser incorporados á creación.	A42 A44 A46 A49	B11 B12 B14 B15 B16
Habilidade para xestionar a información necesaria na elaboración de proxectos artísticos.	A42 A43 A44 A47 A49	

Contidos

Tema

<p>0. Introducción</p>	<p>0.1. BENESTAR E MALESTAR NA CULTURA. As orixes psicosociais da indagación creativa. Asco, medo, desexo. 0.2. LÍMITES DO SABER. Elaborar no límite del saber. A cuestión da verdade e a cuestión do real. 0.3. DISPOSICIÓN AO ENCONTRO. Desexo e obxecto. Motivación e método. 0.4. CREACIÓN E INVESTIGACIÓN. Definicións, diverxencias e confluencias.</p>
<p>Parte I. Arte e saber (a-s)</p>	<p>I.1. COÑECEMENTO E TEORÍA DO COÑECEMENTO. Fundamentos de gnoseoloxía e epistemoloxía. Matrices de problemas e eixes metodolóxicos. I.1.1. COÑECEMENTO E SUXEITO. Disciplinas alfa-operatorias e beta-operatorias. Alén da lóxica epistémica. I.1.2. INDUCCIÓN (fontes, métodos, falsación) e DEMARCACIÓN (campo, dogmática, verdade). Problemas fundamentais da epistemoloxía. I.2. DIMENSIÓN COGNITIVA DA ARTE. Condicións gnoseolóxicas. I.2.1. PSICODELIA. O sistema psíquico. Sinestesia e intelixencia. I.2.2. PSIQHEURESIS. O psiquismo creador. I.2.3. SABER (DESDE/DA) ARTE. (a) recursividade subxectual (I); (b) elaboración (ao redor) do real (R); (c) saber de 2º grao. Fenómeno paracultural (S); (d) integralidade factorial (RSI); (e) procesualidade radical; (f) funcionalidade integral; (g) adiscursividade / anaxiomática; (h) performatividade abductiva. I.3. A cuestión do real, a realidade e a verdade estética. A obra como evidencia e o mundo como representación. I.3.1. ESTILO. Recoñecemento e argumento contra a simplificación. I.3.2. PROCESOS TERCIARIOS DISTRIBUÍDOS. Campo e ámbito artístico. Teorías e metateorías.</p>
<p>Parte II. Procesos (creativos) e proxectos (de investigación).</p>	<p>II.1. PROXECTO E PRODUCTIVIDADE. As mil facetas, avatares e aparencias do proxecto (□perverso polimorfo□) fronte aos obstáculos derivados da mímese das faces do proxecto: coherencia, rigor, consistencia, congruencia epistémica, os □efectos de verdade□ investigadora□ II.1.1. XENEALOXÍA E CRISE DO PROXECTO MODERNO. Da intelixencia intencional ás ideoloxías do proxecto. Providencia, Deus, razón, historia, futuro, actualidade□ Evolucións e transformacións. II.1.1.1. Proxecto como apropiación e cultura: a domesticación do éxtimo (caos, asco, incerteza, pulsión□) e a invención da realidade. Proxecto de pasado: o recordo contra a memoria, a historia contra o mito. (b) Proxecto de presente: as evolucións do naturalismo como proxectos de realidade (naturalismos clásicos, modernos e posmodernos. (c) Proxecto de futuro: as promesas de felicidade como estratexias finalistas (eficacia, futuro, benestar, beleza, progreso□) II.1.1.2. EFICACIA E EFICIENCIA. A propensión das cousas. II.1.2. A arte desde a perspectiva do proxecto moderno. Da arte como proceso (experiencia) á arte como proxecto (investigación). A arte como ferramenta e medio. As malversacións da arte conceptual en relación á docencia e á investigación artística. III.2. GRAMÁTICA DA IMAXINACIÓN. III.2.1. DESEXO (motivación, causa) e OBXECTO (amplitude de campo, fixación de obxecto, a vivencia do incompleto) III.2.2. MODO (experiencia singular) E MÉTODO (sistema de operacións) III.2.2.1. INFORMACIÓN (manexo de fontes documentais) E FORMACIÓN (sistemas de visualización e desenvolvemento); III.2.2.2. TRANSPIRACIÓN (esfuerzo improductivo) E IGNORANCIA (abdución e uso de información faltante). III.2.3. ATENCIÓN (conciencia) E FALSACIÓN (socialización). III.3. PRAGMÁTICA DA INVESTIGACIÓN. Recursos, usos e contextos de investigación.</p>

Parte III. Obstáculos creativos.

III.1. RESISTENCIAS. Resistencias creativas e investigadoras:
 III.1.1. Materiais (reais, económicas, espaciais, temporais).
 III.1.2. Subxectuais (psíquicas, de conduta, caracterolóxicas, biográficas)
 III.1.3. Contextuais (culturais, categoriais, epistemolóxicas)
 III.2. INERCIAS. Modos de repetición. Arte e loucura; arte e cultura; arte e creatividade; arte e investigación.
 III.2.1. Inercia primaria (pulsional): loucura
 III.2.2. Inercia secundaria (cultural): normalidade
 III.2.3. Inercia terciaria (contracultural): creatividade, transgresión e investigación como obstáculos creativos (I+D+I). Da creatividade como experiencia (ars) á creatividade como resolución de problemas (techné).
 III.3. ARTES. Os obstáculos como ocasión e ingrediente. As resistencias como recursos. A transversalidade intersubxectiva dos tres estadios artísticos:
 III.3.1. ARTE PRIMARIA. Sinthome. Desexo, síntoma, loucura, neotenia, etc. como métodos.
 III.3.2. ARTE SECUNDARIA. Deconstrución. Creatividade histórica. A primeira lei da expresión poética: transgresión.
 III.3.3. ARTE TERCIARIA. Ecuilización. A segunda lei da expresión poética: asentimento.

Parte IV. A indagación creativa: arte e investigación.

IV.1. CASOS DE ESTUDO. Procesos artísticos (Leonardo, Cezanne, Oteiza, Malevitch) e investigacións artísticas (modos de elaboración discursiva: de Dalí a Art & Language)
 IV.1.1. "O burro por diante". Presentación persoal.
 IV.1.2. "A miña pequena sensación": Cezanne
 IV.1.3. "A experiencia, madre da ciencia": Leonardo
 IV.1.4. "A declinación da vida": Camilla Claudel e Auguste Rodin.
 IV.1.5. "Necesidade interior": K. Malevitch
 IV.1.6. "Ferramenta": J. González
 IV.1.7. "A experiencia do encontro": P. Picasso
 IV.1.8. "Técnica": J. Beuys
 IV.1.9. "Método paranoico-crítico": S. Dalí
 IV.1.10. "Propósito experimental": J. Oteiza
 IV.1.11. "Disposición": L. Fabro
 IV.1.12. "Cordura": L. Bourgeois
 IV. 2. ARTE E INVESTIGACIÓN. Confluencias e diverxencias. Aporías da investigación. Lugar da arte na investigación. Lugar da investigación na arte. A arte como suxeito de coñecemento. Modelos de investigación artística.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	14	0	14
Estudo de casos/análises de situacións	0	7	7
Obradoiros	15	18	33
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	65	65
Titoría en grupo	6	0	6
Presentacións/exposicións	0	8	8
Traballos de aula	14	0	14
Actividades introdutorias	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Desenvolvemento pormenorizado do temario con uso de sistemas audiovisuais y argumentais.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise e discusión de procesos creativos e investigadores concretos, cun de sistemas audiovisuais e argumentais.
Obradoiros	Desenvolvemento do traballo presencial tutelado e avaliación continuada.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Desenvolvemento do traballo autónomo.
Titoría en grupo	Análise e avaliación de resultados.
Presentacións/exposicións	Asistencia activa a actividades vinculadas coa materia.
Traballos de aula	Desenvolvemento e presentación de traballos no espazo da clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	A asistencia personalizada é un ingrediente fundamental e insubstituíble na didáctica da arte. Esta atención inclúe tutorización persoal realizada na aula durante o período de realización dos exercicios e corrección persoal dos resultados parciais e finais dos exercicios. HORARIOS de TUTORÍAS: Chelo Matesanz: martes, de 12:30 a 15:30 e de 16:30 a 19:30 (email: chmatesanz@uvigo.es) J. Fernando de Laiglesia: mércores, de 9:00 a 15:00. (email: jfdo@uvigo.es) Juan Luís Moraza: martes, de 8:30 a 12:00, e de 20:00 a 21:00; mércores, de 8:30 a 10:00. (email: jlmoraza@arrakis.es) As tutorías realizaranse nos despachos respectivos de cada profesor.
Obradoiros	A asistencia personalizada é un ingrediente fundamental e insubstituíble na didáctica da arte. Esta atención inclúe tutorización persoal realizada na aula durante o período de realización dos exercicios e corrección persoal dos resultados parciais e finais dos exercicios. HORARIOS de TUTORÍAS: Chelo Matesanz: martes, de 12:30 a 15:30 e de 16:30 a 19:30 (email: chmatesanz@uvigo.es) J. Fernando de Laiglesia: mércores, de 9:00 a 15:00. (email: jfdo@uvigo.es) Juan Luís Moraza: martes, de 8:30 a 12:00, e de 20:00 a 21:00; mércores, de 8:30 a 10:00. (email: jlmoraza@arrakis.es) As tutorías realizaranse nos despachos respectivos de cada profesor.
Titoría en grupo	A asistencia personalizada é un ingrediente fundamental e insubstituíble na didáctica da arte. Esta atención inclúe tutorización persoal realizada na aula durante o período de realización dos exercicios e corrección persoal dos resultados parciais e finais dos exercicios. HORARIOS de TUTORÍAS: Chelo Matesanz: martes, de 12:30 a 15:30 e de 16:30 a 19:30 (email: chmatesanz@uvigo.es) J. Fernando de Laiglesia: mércores, de 9:00 a 15:00. (email: jfdo@uvigo.es) Juan Luís Moraza: martes, de 8:30 a 12:00, e de 20:00 a 21:00; mércores, de 8:30 a 10:00. (email: jlmoraza@arrakis.es) As tutorías realizaranse nos despachos respectivos de cada profesor.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Obradoiros	Avaliación continua e personalizada dos procesos de traballo.	30
Titoría en grupo	Avaliación conxunta e transversal dos traballos.	10
Traballos de aula	Avaliación baseada na resolución e presentación de traballos concretos de forma puntual de acordo coa axenda predeterminada.	60%

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación estará referida á evolución persoal nas capacidades de asimilación da información, a capacidade de argumentación, a axilidade mental, a improvisación, elección e decisión; o desenvolvemento da sensibilidade plástica, das habilidades perceptivas e destrezas construtivas na execución objetual, a capacidade no manexo de fontes iconográficas e documentais, a coherencia entre formulacións e resultados; e as actitudes, vinculadas á curiosidade, disposición, laboriosidade, á iniciativa persoal, a participación e a achega ao traballo común, a capacidade para enriquecer a discusión, etc. Iso supón a adecuación a catro criterios de avaliación: comprensión, fundamentación, falsación e trazabilidade.

Esta avaliación será continuada, polo que a asistencia habitual é necesaria, xa que se desenvolverá de acordo á propia estrutura e calendario de exercicios propostos, cada un dos cales derivará unha cualificación acumulativa e cuxa presentación puntual será imprescindible. Dentro desa lóxica de avaliación continua, poderán realizarse probas para verificar o grao de asimilación intelectual dos contidos, categorías e parámetros manexados no curso.

A proba correspondente á CONVOCATORIA DE XULLO realizarase o día 1 de Xullo de 2014 ás 10:00 a.m. no espazo correspondente.

Bibliografía. Fontes de información

Ackerman, Diane, **Una historia natural de los sentidos**, Anagrama,
 Barron, Angela, **Aprendizaje por descubrimiento**, Amarú,
 Gardner, Howard, **Las cinco mentes del futuro**, Paidós,
 Maturana, H y Varela, Francisco, **El árbol de conocimiento**, Gedisa,

Recomendacións